Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE (DE ORGANIZACIÓN) CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE XULLO DO 2023.**

**Sesión 11/2023-P**

**SRES/RAS ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

**CONCELLEIROS**

Grupo Sadamaioría (SM)

Dª Rebeca Mouriño Neira
D. Marcos Villar López
Dª María Pilar Taibo Fernández
D. Xosé Fernando Fariña Andrade
Dª Patricia Martínez Abruñedo
D. Ricardo Berrocal Fariña

Grupo Unidos por Sada (UPSA)

Dª María Nogareda Marzoa
Dª María Soraya Salorio Porral
D. Sergio García López
D. Breogán Blanco González

Grupo Partido Popular de Sada (PP)

Dª Esperanza María Arias Ferreiro
D. Fernando España López (Chano)
Dª María Isabel Val Armesto
D. Aurelio Lonja Tajes (Lito)

Grupo Mixto (GM)

Dª. Almudena Pena Álvarez *(«PSOE, independente»)*
D. Emilio Graña Mosquera *(«BNG»)*

**INTERVENTOR**

D. Jaime Presas Beneyto

**SECRETARIA**

Dª María del Carmen Seoane Bouzas

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día martes 11 de xullo do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación Dª Mª del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario e urxente para a organización do concello de Sada.

**01º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



O presidente, sr. Portela Fernández, xustifica os motivos da urxencia da sesión na necesidade de aprobar canto antes a organización do concello para entre outras cousas poder convocar o vindeiro luns a Comisión Informativa Xeral previa á sesión plenaria ordinaria o último xoves deste mes de xullo que andamos.

Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

**02º.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. AURELIO LONJA TAJES (PP).**

A Xunta Electoral de Zona de Betanzos, en aplicación do artigo 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, expediu o día 2023-06-23 a credencial pola que se acredita que D. Aurelio Lonja Tajes (Lito) foi designado concelleiro desta Corporación pola lista de candidatos do Partido Popular, para cubrir a vacante producida por renuncia de Dª Leticia Roig Iglesias.

Dado que o novo concelleiro está presente co obxecto de tomar posesión do seu cargo e que segundo consta presentou as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, no modelo oficial aprobado polo Pleno, logo de comprobarse a credencial do concelleiro electo e tras prestar este promesa de acatamento á Constitución na fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, a Alcaldía dálle posesión do seu cargo, pasando o novo concelleiro a tomar parte na sesión.

**3º.- MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 03/23: BASE NÚM. 35.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do 10 de xullo do 2023, á que se lle dá lectura pola secretaria, e que recolle literalmente:

*«PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Asunto: Modificación bases de execución do orzamento 3/23: Base 35. Retribucións e indemnizacións a membros da Corporación.*

*Os artigo 73 e 75 da Lei 7/1985 outorgan ao Pleno a competencia para determinar o réxime de dotacións económicas aos grupos políticos municipais e as percepcións de asistencias por concorrencia efectiva a sesións dos órganos colexiados. Con motivo da constitución da nova corporación prevese o cambio na súa ordenación. Na actualidade a regulación destas materias está contida nas bases de execución do orzamento. A aplicación da normativa citada fai innecesario a súa inclusión en bases de execución, polo que a efectos de simplificar a regulación e eliminar incoherencias no réxime de aplicación proponse eliminar esta materia delas deixando unicamente os aspectos relativos a tramitación destas achegas..*

*Visto informe da intervención municipal obrante no expediente, proponse:*

*Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución 03/23 Base 35. Retribucións e indemnizacións a membros da Corporación, que quedaría coa seguinte redacción*

*Base 35. Retribucións e indemnizacións a membros da Corporación.*

1. *As retribucións establecidas para os membros da Corporación, en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, rexeranse polo acordo plenario que as determine ou fixe.*
2. *De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica que se estableza con cargo ós Orzamentos municipais, e deberán xustificar o cumprimento da finalidade a través de Memoria semestral explicativa dos gastos por importes e conceptos subscrita polo Portavoz do Grupo Político Municipal, acompañada de facturas orixinais ou copias cotexadas emitidas a nome do grupo.*
3. *No caso de que algún grupo municipal tivese pendente de xustificación algunha dotación económica concedida da mesma natureza en exercicios anteriores, poderán extinguirse ditas obrigas mediante compensación coa dotación económica concedida ao grupo político.*

*Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen*


Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



*pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-*

*Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».*

Interveñen o presidente, sr. Portela Fernández (SM); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), que solicita unhas aclaracións e que dá o interventor e intervén logo o presidente.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución 03/23 Base 35. Retribucións e indemnizacións a membros da Corporación, que quedaría coa seguinte redacción:

*Base 35. Retribucións e indemnizacións a membros da Corporación.*

1. As retribucións establecidas para os membros da Corporación, en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, rexeranse polo acordo plenario que as determine ou fixe.
2. De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica que se estableza con cargo ós Orzamentos municipais, e deberán xustificar o cumprimento da finalidade a través de Memoria semestral explicativa dos gastos por importes e conceptos subscrita polo Portavoz do Grupo Político Municipal, acompañada de facturas orixinais ou copias cotexadas emitidas a nome do grupo.
3. No caso de que algún grupo municipal tivese pendente de xustificación algunha dotación económica concedida da mesma natureza en exercicios anteriores, poderán extinguirse ditas obrigas mediante compensación coa dotación económica concedida ao grupo político.

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

## 04º.- ESTABLECEMENTO DAS RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do 10 de xullo do 2023, á que se lle dá lectura pola secretaria, e que recolle literalmente:

*«DEDICACIÓNS ECONÓMICAS*

*Unha vez renovada a corporación tralas eleccións locais do 28 de maio de 2023 e nomeado alcalde é preciso proceder a establecer as asignacións económicas polo desenvolvemento da alcaldía e das delegacións efectuadas.*

*Polo que propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Establecer o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 36.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en*

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



*catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.*

*SEGUNDO.- Establecer o exercicio das Concellerías delegadas da área de Deporte, Educación e Xuventude, da área de Cultura e Normalización Lingüística, da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, da área Obras e Servizos e Medio Ambiente, do servizo de Benestar Social e Igualdade e Emprego e dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 31.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.*

*TERCEIRO.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».*

Interveñen a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen anuncia que polo seu grupo han votar en contra; e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Establecer o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 36.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.

SEGUNDO.- Establecer o exercicio das Concellerías delegadas da área de Deporte, Educación e Xuventude, da área de Cultura e Normalización Lingüística, da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, da área Obras e Servizos e Medio Ambiente, do servizo de Benestar Social e Igualdade e Emprego e dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 31.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.

TERCEIRO.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

**05º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do 07 de xullo do 2023, á que se lle dá lectura pola secretaria, e que recolle literalmente:

*«PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO DE ORGANIZACIÓN SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS*

*Tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 46.2 a) que "O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de mais de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais; cada dous meses nos Concellos de municipios con poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes…( ).*

*Considerando que o artigo 78.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece de forma literal: "son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que deberá convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos 30 días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite trimestral a que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.*

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



*Fixar cunha periodicidade mensual a celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo o último xoves de cada mes, ás 20:00 horas, e se coincidira festividade o día previsto poderá cambiarse ata dous días hábiles antes ou despois mantendo a sesión o carácter de ordinaria».*

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Fixar cunha periodicidade mensual a celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo o último xoves de cada mes, ás 20.00 horas, e se coincidira festividade o día previsto poderá cambiarse ata dous días hábiles antes ou despois mantendo a sesión o carácter de ordinaria.

**06º.- ESTABLECEMENTO DAS ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do 10 de xullo do 2023, á que se lle dá lectura pola secretaria, e que recolle literalmente:

*«PROPOSTA DE ALCALDÍA SESIÓN DE ORGANIZACIÓN*

*Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 28 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao establecemento da nova organización municipal, e, en particular, á determinación das asignacións económicas aos grupos políticos nos termos que regula o artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

*Por todo isto esta Alcaldía, formula á Corporación reunida en sesión Plenaria, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*PRIMEIRO. – Establecer unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade semestral, previa xustificación dos gastos executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presuposto.*

*Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.*

*SEGUNDO. -Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».*

Intervén o sr. Graña Mosquera, do Grupo Mixto (GM), pedindo que conste en acta que os pagos que se realicen, como son dos partidos distintos se ingresen en dúas contas diferentes, que imaxina que non terá problema a nivel administrativo; o interventor indica que se ha estudar o solicitado e que se lles dará resposta esa semana.

Interveñen tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), que pregunta a que se deben esas subidas.

O sr. Portela di que a actualizar tamén as subidas respecto á conxelación e á comparativa con outros concellos.

Prosegue a sra Nogareda que está moi ben para moeda de cambio con outras medidas,

Tamén intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), sobre aclaración da asignación mensual e o pagamento semestral, segundo así o confirma o presidente, sr. Portela.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



PRIMEIRO.- Establecer unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade semestral, previa xustificación dos gastos executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presuposto.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

## 07º.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dáse conta ao pleno da constitución dos grupos políticos municipais, conforme consta no escrito de alcaldía do 2023-07-10, quedando decatados os señores concelleiros:

*"Logo de ver os escritos presentados para a constitución dos diversos grupos políticos e nomeamento dos respectivos voceiros e considerando o establecido no artigo 24 do ROF.*

*En virtude do artigo 25 do ROF, dáse conta ó pleno da constitución dos seguintes grupos e voceiros:*

| ***GRUPOS*** | ***CONCELLEIROS*** | ***VOCEIROS*** |
|---|---|---|
| ***Grupo Político Municipal "Sadamaioría"*** | ***Óscar Benito Portela Fernández<br>Rebeca Mouriño Neira<br>Marcos Villar López<br>María Pilar Taibo Fernández<br>Xosé Fernando Fariña Andrade<br>Patricia Martínez Abruñedo<br>Ricardo Berrocal Fariña*** | ***Titular: Marcos Villar López<br>Suplentes: 1º, Xosé Fernando Fariña Andrade; 2ª, María Pilar Taibo Fernández; 3ª, Rebeca Mouriño Neira; 4ª, Patricia Martínez Abruñedo; 5º, Ricardo Berrocal Fariña*** |
| ***Grupo Político Municipal "Unidos por Sada"*** | ***María Nogareda Marzoa<br>María Soraya Salorio Porral<br>Sergio García López<br>Breogán Blanco González*** | ***Titular: María Nogareda Marzoa<br>Suplentes: 1ª, María Soraya Salorio Porral; 2º, Sergio García López; 3º, Breogán Blanco González*** |
| ***Grupo Político Municipal "Partido Popular de Sada"*** | ***Esperanza Arias Ferreiro<br>Fernando España López<br>María Isabel Val Armesto<br>Aurelio Lonja Tajes*** | ***Titular: Esperanza Arias Ferreiro<br>Suplentes: Fernando España López; María Isabel Val Armesto; Aurelio Lonja Tajes*** |

*Quedando constituídos ex lege en Grupo Mixto os seguintes Concelleiros que presentaron escrito para constituírse como Grupos Municipais polas formacións con que concorreron ás eleccións, conforme ao artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ao non estar integrados os grupos por máis dun Concelleiro. Escrito logo completado, tralo requirimento de alcaldía, por Emilio Graña Mosquera, nomeándose voceiro e representante nas comisións, e non emendándose por parte de Almudena Pena Álvarez, polo que o grupo mixto queda constituído:*

| | ***CONCELLEIROS*** | ***VOCEIROS*** |
|---|---|---|
| ***Grupo Mixto*** | ***Emilio Graña Mosquera (BNG)<br>Almudena Pena Álvarez (PSdeG-PSOE)*** | ***Titular: Emilio Graña Mosquera<br>Suplente: Pendente de nomear*** |

"

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



Interveñen o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez, explicando que como o grupo mixto está formado por dous partidos diferentes e dende o Bng creen que é importante a participación, a democracia e a diversidade solicita, pedindo que conste en acta, que van realizar cambios con respecto da designación de voceiro do Grupo Mixto ao que pertencen, e adiante que pasará a ser a sra. Pena Álvarez por ter obtido máis votos a candidatura pola que se presentaba que pola que se presentaba o sr. Graña Mosquera, así como doutros aspectos relacionados cos tempos de intervención. O presidente, sr. Portela Fernández, asistido da secretaria para os efectos, aclara que teñen que presentar o correspondente escrito e despois darase conta ao pleno.

**08º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do 10 de xullo do 2023, á que se lle dá lectura pola secretaria, e que recolle literalmente:

*«PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO CREACIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS*

*Considerando que o artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (e modificado neste punto pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local) establece textualmente: "… a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116".*

*Segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.*

*Tendo en conta que, en relación co procedemento de constitución das Comisións Informativas o artigo 125 do RD 2568/1986, establece de forma literal:*

*"No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:*

*a)O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato en todas elas; sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.*

*b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.*

*c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular. "*

*Considerando, igualmente, que o artigo 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, dispón no seu apartado segundo que o número de membros na Comisión Especial de Contas será proporcional a súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo, aplicándose neste último caso, o sistema de voto ponderado.*

*Tendo en conta que esta materia regulouse no seu momento no ROM, art. 33, coa seguinte literalidade:*

*"Artigo 33.-*

*1. As Comisións Informativas intégranse polo Alcalde, ou concelleiro en quen delegue, como presidente e por un concelleiro de cada grupo político municipal, aprobándose os ditames polo sistema de voto ponderado.*

*2. O Pleno acordará o número, denominación e competencias das Comisións Informativas permanentes en sesión celebrada dentro do mes seguinte ao da constitución da Corporación, sen prexuízo das variacións posteriores que se consideren oportunas.*

*3. O Alcalde é o Presidente nato de todas as comisións, e poderá delegar libremente a súa presidencia efectiva en calquera membro da Corporación, así como designar de entre os membros de cada Comisión un ou mais vicepresidentes, coa función de substituír ó presidente en caso de vacante ou ausencia.*

*4. Cando o número de comisións creadas polo Pleno non permita que todos os concelleiros formen parte, polo menos, dunha delas, os grupos políticos deberán establecer quendas rotatorias entre os seus membros para posibilitar este dereito.*

*5. A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada Grupo, se realizará mediante escrito do portavoz correspondente dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno. De igual forma, poderanse designar suplentes para os titulares".*

*Esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, PROPÓN ao Concello Pleno a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Crear a Comisión Especial de Contas e Facenda, para o exame, estudo e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais, quedando constituída como se indica na que cada membro terá voto ponderado segundo se relaciona deseguido:*

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
https://sede.sada.gal



| | Comisión Especial de Contas e Facenda |
|---|---|
| **SM** | Titular: María Pilar Taibo Fernández<br>Suplentes: Marcos Villar López; Patricia Martínez Abruñedo; Ricardo Berrocal Fariña<br>O voto ponderarase por 6 |
| **UxS** | Titular: María Nogareda Marzoa<br>Suplentes: 1ª, María Soraya Salorio Porral; 2º, Sergio García López; 3º, Breogán Blanco González<br>O voto ponderarase por 4 |
| **PP** | Titular: Esperanza María Arias Ferreiro<br>Suplentes: Fernando España López; María Isabel Val Armesto; Aurelio Lonja Tajes<br>O voto ponderarase por 4 |
| **GM** | Titular: Emilio Graña Mosquera<br>Suplente: pendente de nomear<br>O voto ponderarase por 2 |

*A presidencia corresponderalle ao alcalde, quen ostentará un voto.*

*SEGUNDO.- Crear a Comisión Informativa Xeral de Asuntos de Pleno, con carácter de permanente, para o estudo, informe ou consulta de todos aqueles asuntos competencia de Pleno, excepto os que sexan competencia doutra Comisión, quedando constituída como se indica na que cada membro terá voto ponderado segundo se relaciona deseguido:*

| | Comisión Informativa Xeral |
|---|---|
| **SM** | Titular: María Pilar Taibo Fernández<br>Suplentes: Marcos Villar López; Patricia Martínez Abruñedo; Ricardo Berrocal Fariña<br>O voto ponderarase por 6 |
| **UxS** | Titular: María Nogareda Marzoa<br>Suplentes: 1ª, María Soraya Salorio Porral; 2º, Sergio García López; 3º, Breogán Blanco González<br>O voto ponderarase por 4 |
| **PP** | Titular: Esperanza María Arias Ferreiro<br>Suplentes: Fernando España López; María Isabel Val Armesto; Aurelio Lonja Tajes<br>O voto ponderarase por 4 |
| **GM** | Titular: Emilio Graña Mosquera<br>Suplente: pendente de nomear<br>O voto ponderarase por 2 |

*A presidencia corresponderalle ao alcalde, quen ostentará un voto.*

*TERCEIRO.- Crear a Comisión Informativa de Urbanismo, con carácter de permanente, para o estudo, informe ou consulta de todos aqueles asuntos a área de urbanismo competencia de Pleno, quedando constituída como se indica na que cada membro terá voto ponderado segundo se relaciona deseguido:*

| | Comisión Informativa de Urbanismo |
|---|---|
| **SM** | Titular: Xosé Fernando Fariña Andrade<br>Suplentes: Marcos Villar López; Patricia Martínez Abruñedo; Ricardo Berrocal Fariña<br>O voto ponderarase por 6 |
| **UxS** | Titular: María Nogareda Marzoa<br>Suplentes: 1ª, María Soraya Salorio Porral; 2º, Sergio García López; 3º, Breogán Blanco González<br>O voto ponderarase por 4 |
| **PP** | Titular: Esperanza María Arias Ferreiro<br>Suplentes: Fernando España López; María Isabel Val Armesto; Aurelio Lonja Tajes<br>O voto ponderarase por 4 |
| **GM** | Titular: Emilio Graña Mosquera |

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: 2WEMBg956Tok8AkNxXc6
